



## **Comunicado da Coordinadora local de Ourense da Marcha Mundial das Mulleres ante a aparición do violador Martiño Ramos Soto en Cuba.**

Este domingo 23 de novembro coñecemos por diferentes medios de prensa que o violador Martiño Ramos Soto se encontraba na Havana, Cuba, construindo unha nova vida e unha nova profesión coa impunidad que lle deu escapar da xustiza española. As últimas informacións indican que volta estar en paradero descoñecido logo de que a prensa sacara á luz esta situación. Isto supón un episodio de dor e sufrimento para a agredida causado por unha xustiza que falla cada día a miles de mulleres que sufren violencia machista.

Denunciamos hai uns meses públicamente que o proceso judicial que levou a unha condena firme de 13 anos de cárcere por violación a Martiño Ramos Soto foi longo, revictimizante e nada cuidadoso coa agredida e que non se tomaron as medidas precisas para esta situación.

Nunca se tomaron medidas cautelares para evitar a fuga, nen se protexeu á agredida até que por fin o 15 de setembro de 2025 se ditou unha orde de detención que chegou tarde. Hoxe constatamos novamente, con indignación e raiba, que a xustiza non estivo nen esta á altura e que iso provoca a absoluta impunidad deste violador.

Denunciamos unha vez máis que os mecanismos da xustiza patriarcal desamparan ás agredidas, non só durante os procesos xudiciais, revictimizando, forzando acordos desfavorábeis e mesmo xulgando a vida das mulleres, senón que este desamparo continúa pois non existe ningunha vontade de reparación que mitigue a dor e sufrimento das agredidas, especialmente nun caso como este.

A estas horas o violador condenado, Martiño Ramos Soto, volve estar fugado e en paradero descoñecido, impune e seguramente pondo en perigo a outras mulleres, pola incompetencia do sistema xudicial.

Dende a Marcha Mundial das Mulleres reclamamos dos medios de comunicación un especial coidado á hora de tratar este caso e esiximos que deixen de publicar información sobre a situación e o estado da agredida cada vez que este caso volta aos titulares de prensa.

Precisamos que fronte á desprotección que sofre a agredida por parte dunha xustiza incompetente, a sociedade no seu conxunto esté á altura dunha situación que segue producindo dor e sufrimento. Por iso queremos reiterar o noso compromiso coa loita pola erradicación das violencias machistas e pornos novamente a dispor da agredida e a súa familia para todo o que elas precisen.

Ourense 24 de Novembro de 2025